

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE....Harmonía e contrapunto aplicada a Composición III.....Curso 2020/21

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA  
 TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: Harmonía e contrapunto aplicados á composición III										
ESPECIALIDADE:	Composición				ITINERARIOS:	Composición				
CARÁCTER:	Disciplina de formación básica				TIPO DE CLASE:	Colectiva				
DEPARTAMENTO:	Composición				XEFE DE DPTO.:	Dna. M <sup>a</sup> Paz Pita				
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Patricia Sánchez Cao				
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	2
ECTS/CUAD.			3						Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA			
	Patricia Sánchez Cao				<a href="mailto:patriciasanchezcao.analisis@gmail.com">patriciasanchezcao.analisis@gmail.com</a>		Venres 11.00-12.00			

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento das habilidades harmónico-contrapuntísticas e adquisición de coñecementos que faciliten a percepción, creación, interpretación, reflexión e documentación musicais. Asimilación das principais teorías da organización musical. Realización de traballos estilísticos e libres. Práctica instrumental. Estudo do repertorio no contexto estilístico.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os propios do grao medio de música.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Composición, análise.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4
COMPETENCIAS XERAIS:	X8, X10, X11, X13, X15, X21, X23
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC1, EC2, EC5, EC8, EC10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 16 de novembro anexo II	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1-Coñecer os recursos harmónicos do período da práctica común.	T2, X11, X13, X15,
2-Coñecer a aplicación destes recursos polos compositores do devandito período, así como a súa evolución ó longo da historia da tonalidade.	T2, X11,
3-Recoñecer auditivamente os encadeamentos harmónicos estudados.	T4, EC2,
4-Coñecer e aplicar as distintas técnicas contrapuntísticas empregadas polos principais compositores dende as orixes da música contrapuntística ata os nosos días.	X11, X13, X15,
5-Capacitarse na utilización destas técnicas e na construción das principais formas contrapuntísticas	TODAS
6-Practicar ao piano os recursos estudados.	X21, EC2,
7-Elaborar exercicios de carácter harmónico a catro voces sobre baixo, tiple ou baixo-tiple combinado.	TODAS
8-Compoñer obras de carácter contrapuntístico que recollan os trazos principais da música contrapuntística dende as súas orixes ata os nosos días.	TODAS

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1-Acordes alterados	1.1-A supertónica e a submediante elevadas. 1.2-A sexta napolitana. 1.3-As sextas aumentadas. 1.4-Outros acordes cromáticos.	3
2-Intervalos, escalas e acordes.	2.1-Construcción, inversión e disposición de intervalos. Influencia dos harmónicos. 2.2-Modos, escalas sintéticas. 2.3-Acordes por segundas, terceiras, cuartas. Acordes con sons engadidos. Acordes con notas substitutivas. Poliacordes. 2.4-Harmonía composta e en espello.	5
3-Tempo, dinámica, ornamentación e transformación.	3.1-Dinámicas e silencios, uso percusivo da Harmonía. 3.2- Figuración ornamental, extensión e imitación.	2
4-Centros tonais.	4.1-Tonalidade e modulación. 4.2-Politonálidade. 4.3-Atonalidade. 4.4-Harmonía serial.	3
5-Harmonía postserial	5.1-Novas linguaxes harmónicas. 5.2-Serialismo integral	1
6-Repaso Contidos anteriores		2
TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introductorias	1		1
Exposición maxistral: Explicación do profesor daqueles contidos da materia recollidos no punto catro da programación. Orientación no uso dos materiais(textos, partituras, audicións, etc...)	8		8
Exposición práctico-teórica. Corrección de exercicios.	14		14
Práctica individual: Realización por parte do alumno de exercicios e traballos.		30	30
Lectura guiada e comentario de fontes: Lectura e debate no aula de pasaxes escollidas dos compendios de harmonía máis salientábeis.	2	8	10
Pescuda de información: Pescuda de textos e partituras axeitados á materia. Análise e comentario dos mesmos.		5	5
Exposición e debate de traballos: Exposición, debate e crítica dos traballos realizados.	7	7	14
Titorías: Orientación e dirección dos proxectos individuais.		6	6
Avaliación: Valoración e ponderación dos traballos individuais .Revisión das cualificacións.	2		2
TOTAL HORAS:			90

<b>6. AVALIACIÓN</b>			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Corrección de traballos individuais axustados ós contidos do cuadrimestre	O rendemento diario e a calidade do traballo persoal será unha ferramenta fundamental, aparte das probas e traballos, na avaliación do alumno.	T1,T2 X8,10,13,15 EC1,EC2,EC5	40%
Realización dun ou varios exames nos que se reflectan os contidos traballados no cuadrimestre.	Realización dun ou varios exercicios que comprendan os obxectivos e contidos da materia cuadrimestral, nos que o alumno demostre atinxir os obxectivos e contidos da programación.	T3,T4 X11,X21,X23 EC8,EC10	60%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Corrección de traballos individuais axustados ós contidos do cuadrimestre	O rendemento diario e a calidade do traballo persoal será unha ferramenta fundamental, aparte das probas e traballos, na avaliación do alumno.	T1,T2 X8,10,13,15 EC1,EC2,EC5	40%
Realización dun ou varios exames nos que se reflectan os contidos traballados no cuadrimestre.	Realización dun ou varios exercicios que comprendan os obxectivos e contidos da materia cuadrimestral, nos que o alumno demostre atinxir os obxectivos e contidos da programación.	T3,T4 X11,X21,X23 EC8,EC10	60%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) Máis de catro faltas conleva a perda de avaliación continua.			
Realización dun ou varios exames nos que se reflectan os contidos traballados no cuadrimestre.	Realización dun ou varios exercicios que comprendan os obxectivos e contidos da materia cuadrimestral, nos que o alumno demostre atinxir os obxectivos e contidos da programación.	TODAS	100%
<b>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b>			
Realización dun ou varios exames nos que se reflectan os contidos traballados no cuadrimestre.	Realización dun ou varios exercicios que comprendan os obxectivos e contidos da materia cuadrimestral, nos que o alumno demostre atinxir os obxectivos e contidos da programación.	TODAS	100%
Observacións:			

## 7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

### 1 Referencias básicas.

- Armonía. Walter Piston. Ed. Idea-Books.
- Tratado de contrapunto tonal y atonal. J. García Gago. Ed. Clivis.

### 2. Referencias complementarias.

- Armonía. Arnold Schoenberg. Ed. Real Musical.
- Armonía. Diether de la Motte. Ed. Idea-Books.
- Funciones estructurales de la armonía. Arnold Schoenberg. Ed. Labor.
- Tratado de armonía. Heinrich Schenker. Ed. Real Musical.
- Contrapunto. Walter Piston. Ed. Span-Press.
- Ejercicios preliminares de contrapunto. Arnold Schoenberg. Ed. Labor.
- Contrapunto. Diether de la Motte. Ed. Idea-Books.
- Contrapunto creativo. Johannes Forner & Jürgen Wilbrandt. Ed. Idea-Books.

## ANEXO I. Actividade lectiva semipresencial.

Polas características especiais das nosas ensinanzas, a actividade lectiva semipresencial, só se contempla no caso de que as autoridades sanitarias e educativas impoñan o réxime de corentena a un ou varios alumnos dun grupo, ao grupo completo ou ao profesor ao longo do presente curso.

A actividade lectiva semipresencial só se contempla en caso de producirse algún positivo confirmado na Covid-19 e sempre que as autoridades obriguen a gardar corentena aos contactos estreitos.

En tal caso, o profesorado comprométese a manter o contacto telemático regular co alumnado e de ser necesario, axustar os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación en función da duración do illamento sanitario.

O profesorado do departamento utilizará preferentemente ben o aula virtual do centro para o desenrolo da súa actividade, ou ben aplicacións gratuítas (Webex, Skype, Zoom, E-mail, WhatsApp, Telegram ou similares).

O profesorado deberá identificar os posibles casos de “desconexión dixital” por parte do alumnado para tentar de establecer cos responsables educativos un sistema de comunicación alternativo que minimize a fenda dixital.

### METODOLOXÍA

O docente remitirá ao alumnado confinado, por medio da aula virtual ou medio do que dispoñan na casa, o material do tratado na/s clase/s ás que non poida asistir, así como as actividades que o alumnado teña que realizar na casa durante o período de confinamento. O docente tamén terá que corrixir esas actividades e remitirle ao alumnado confinado as correccións/indicacións relativas ao traballo entregado.

### AVALIACIÓN

O traballo realizado polo alumnado durante o seu confinamento terase en conta na avaliación continua da materia. De coincidir o confinamento ca realización dunha proba presencial, escrita ou oral, o alumnado confinado realizará unha actividade alternativa proposta polo docente. Se esa proba fora o exame final o traballo telemático valorado de xeito global, fará media co traballado presencialmente, substituíndo ao exame final.

Os criterios de avaliación, serán os que figuran na programación oficial da materia e poden ser consultados na páxina web do conservatorio.

## ANEXO II. Actividade lectiva non presencial.

No caso de que as autoridades decretasen unha nova suspensión xeral das actividades lectivas no noso centro ou en algún grupo concreto do mesmo, o profesorado comprométese a manter o contacto telemático regular co alumnado e de ser necesario, axustar os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación en función da data na que se decretase tal escenario de xeito semellante ao que se produciu o curso 2019/2020.

O profesorado do departamento utilizará preferentemente ben o aula virtual do centro para o desenrolo da súa actividade, ou ben aplicacións gratuítas (Webex, Skype, Zoom, E-mail, WhatsApp, Telegram, ou similares).

O profesorado deberá identificar os posibles casos de “desconexión dixital” por parte do alumnado para tentar de establecer cos responsables educativos un sistema de comunicación alternativo que minimize a fenda dixital.

### METODOLOXÍA

O docente remitirá ao alumnado, por medio da aula virtual ou medio do que o alumnado dispoñan na casa, o material necesario para proseguir co curso académico, así como as actividades que o alumnado teña que realizar na casa durante o período de confinamento. O docente tamén terá que corrixir esas actividades e remitirle ao alumnado as correccións/indicacións sobre o traballo entregado. Podendo tamén realizar clases por videochamada, xa sexa para explicacións ou aclaracións de dúbidas de forma grupal. No caso de alumnado con “desconexión dixital” o docente faralle chegar o contido desas videochamadas por E-mail ou o medio oportuno.

#### AVALIACIÓN

O traballo realizado polo alumnado durante este período terase en conta na avaliación continua da materia. Non se realizarán exames presenciais. O traballo telemático, valorado de xeito global, substituirá ao exame final. De coincidir o confinamento ca realización dunha proba presencial, escrita ou oral, esta substituirase por unha actividade proposta polo docente. Se esa proba fora o exame final o traballo telemático valorado de xeito global, fará media co traballado presencialmente.

Os traballos realizados de xeito telemático serán avaliados de xeito global para a superación, ou non, da materia.

Os criterios de avaliación, serán os que figuran na programación oficial da materia e poden ser consultados na páxina web do conservatorio.

Chegado o caso, e en función da duración dunha hipotética situación de suspensión da actividade presencial, o profesorado poderá axustar a presente programación didáctica para atender aos contidos máis básicos e imprescindibles da mesma.